

O uso da Guía contra o maltrato de maiores ou persoas con discapacidade será de obrigado cumprimento

- ▶ O Diario Oficial de Galicia (DOG) publica a aprobación da ferramenta e a súa utilización en Galicia
- ▶ Ata o de agora, a utilización deste documento, que elaborou a Consellería de Traballo e Benestar, era de carácter voluntario
- ▶ A guía permite coordinar as actuacións dos axentes implicados co fin de garantir unha atención "rápida" e "especializada".



Un total de 13 grandes empresas galegas únense para fomentar a responsabilidade social empresarial e tutelar a pemes

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, presidiu a creación do "grupo de representación empresarial galego" en materia de RSE, que foi impulsado por este departamento autonómico
- ▶ Esta iniciativa inscribese na aposta da Xunta por un "novo modelo de empresa máis ética, máis transparente e máis sensibilizada" co contorno
- ▶ É a primeira vez, a nivel galego e estatal, que grandes empresas vaian tutelar a pemes en materia de RSE
- ▶ Neste eido, tamén se ten elaborado, no seo do diálogo social, o Plan estratéxico galego de responsabilidade social empresarial 2012-2014, que contén un total de 50 medidas concretas.



Os concellos xa poden solicitar as axudas para os obradoiros de emprego, que beneficiarán a máis de 1.300 desempregados

- ▶ A orde de axudas, que vén de ser publicada no Diario Oficial de Galicia (DOG), conta cun investimento de 10,5 millóns de euros

Traballo incentiva a contratación de 2.800 traballadores galegos con catro programas dotados con 12,6 millóns de euros

- ▶ Entre as axudas destacan o fomento á contratación allea, os programas Emporfor e Forcon, así como as subvencións dirixidas ás persoas con discapacidade e ás empresas cualificadas como iniciativas locais de emprego

Informe do paro rexistrado

Galicia pechou agosto cun descenso do paro de 2.931 persoas sendo a comunidade autónoma onde máis baixou o desemprego

Sumario	Política social	2-4	Relacións laborais	10-11
	Xuventude e voluntariado	5	Seguridade e saúde laboral	11
	Formación e emprego	6-9	Publicacións	12
	Informe do paro rexistrado	9	Normativa	13-24

Créditos	Edita: Consellería de Traballo e Benestar
	Elaboración: Sección de Publicacións e Estatísticas
	Coordinación: Pepa Dabán Royo
	Maquetación: Antonio Lameiro Ces
	ISSN: 2254-7835

Política social

O uso da Guía contra o maltrato de maiores ou persoas con discapacidade será de obrigado cumprimento

Santiago, 24 de xullo de 2012.- A utilización da guía contra o maltrato de maiores e persoas con discapacidade será a partir desta semana de obrigado cumprimento por parte dos servizos sociais comunitarios e de saúde, forzas de seguridade, membros da Fiscalía Superior de Galicia, do teléfono social e de diferentes organismos e departamentos da Xunta relacionados con este ámbito, así como tamén entidades que prestan servizos a persoas maiores e persoas adultas con discapacidade.

O Diario Oficial de Galicia (DOG) publica a aprobación da ferramenta e a súa utilización en Galicia, que elaborou a Consellería de Traballo e Benestar ante a inexistencia de protocolos nacionais ou autonómicos adecuados para a abordaxe de casos concretos, que requiren dunha atención específica. De feito, o perfil da persoas maiores ou adultas con discapacidade non quedaba debidamente incluído en todos os supostos que se contemplan, por exemplo, nos protocolos de violencia e xénero. Ata o de agora, o uso desta ferramenta, que forma parte do Plan Galego das Persoas Maiores 2010-2013, era de carácter voluntario.

O obxectivo desta actuación é, polo tanto, conseguir unha maior eficacia en todas as fases

do problema, isto é, na súa detección, intervención e, por suposto, na prevención. Esta ferramenta coordinará as actuacións contra os malos tratos e contribuirá, ao tempo, á visualización deste conflito social; á creación de novas ferramentas de carácter preventivo; e á detección e consecuente intervención.

A posta en marcha desta ferramenta servirá para sensibilizar a sociedade e para que saiban que teñen á súa disposición unha canle organizada –no caso de detectar un caso– para comunicalo, e para que os profesionais poidan actuar.

A actuación é un documento técnico de referencia no ámbito da Comunidade autónoma de Galicia que utilizarán os distintos profesionais implicados na prevención, detección e atención de situacións de maltrato de persoas maiores e persoas adultas con discapacidade.

A guía elaborouna un grupo de traballo formado por todos os axentes implicados a nivel autonómico, o que posibilitou incorporar a experiencia dos diferentes perfís de profesionais que interveñen neste eido.

Contidos

Concibido como un instrumento de apoio aos profesionais,



a guía contén diversa información. Así, nela pódese atopar unha selección de normativa de aplicación que serve de marco legal e xurídico; e tamén un marco teórico coa definición de maltrato e os indicadores para detectalo.

O documento tamén inclúe esquemas de actuación, os mecanismos a través dos que se poden comunicar estes casos; e, ademais, contén modelos de comunicados e solicitudes oficiais destinados a solicitar a intervención de distintos axentes; como

as forzas de seguridade, a Fiscalía ou a Xunta.

Esta ferramenta cómpre, ademais, outra función moi importante, xa que permitirá coñecer e rexistrar a incidencia real deste comportamento en Galicia, ao poder funcionar a modo de rexistro único. Ata o momento, non había un instrumento claro de comunicación, polo que non se rexistraban debidamente todos os casos.

A nova Risga incentivará cunha maior contía os beneficiarios que cumpran co itinerario de inserción laboral

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, expuxo no Parlamento as principais liñas da Lei de inclusión social de Galicia
- ▶ Mato destacou que a lei articula unha nova Risga que se converterá “nunha ferramenta real” de integración a través do emprego “eliminando o concepto de beneficencia”
- ▶ Ata o de agora penalizábanse os perceptores da Risga que compatibilizaban o cobramento desta axuda coa realización de traballos esporádicos ou accións formativas
- ▶ A lei actualiza o texto vixente que conta con máis de 20 anos e, polo tanto, se adapta ás necesidades da sociedade actual.

Santiago, 2 de agosto de 2012.- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, expuxo no Parlamento as principais liñas da Lei de inclusión social de Galicia. O documento, que foi consensuado no seo do diálogo social, pretende adaptarse ás necesidades actuais, xa que a vixente data de hai 20 anos. Tenta así evitar a cronificación da situación de exclusión social, xa que se articula unha nova Risga “con vocación integradora”.

Neste senso, a responsable de Benestar indicou que a nova Renda de Inclusión Social de Galicia será “flexible e modular” e permitirá incentivar aos beneficiarios que cumpran co itinerario de inserción laboral cunha contía maior na axuda, o que se chamará o complemento de inserción, ao tempo que se permitirá compatibilizar o cobramento da Risga coa realización de traballos esporádicos ou accións formativas.

Para conseguir estes obxectivos, a nova Risga estará dividida

en tres tramos distintos: o persoal e familiar, o de inserción e o de transición ao emprego.

No primeiro tramo garátese unha contía mínima para a cobertura das necesidades básicas das persoas, que se relaciona co compromiso de manter un proxecto de integración social. Ademais, esta prestación será ampliable no caso da presenza de maiores ou de menores de idade na unidade familiar. Neste caso, o beneficiario, se os servizos sociais o consideran necesario para garantir o benestar e os dereitos sociais dos menores, terá que cumprir un proxecto de integración socioeducativa dos menores conviventes.

O complemento de inserción

No tramo de inserción outórgase o complemento de inserción ademais da axuda básica ou a correspondente ao tramo persoal e familiar “para constituír un verdadeiro estímulo de cara ao

emprego”. Terá unha duración de 12 meses prorrogable por 6, ata un máximo de 18. Para percibir esta axuda é necesario que o beneficiario se comprometa ao cumprimento dun convenio de inclusión sociolaboral coas accións formativas que sexan necesarias.

O último tramo, o de transición ao emprego, é novidoso. Non existía na renda anterior e constitúese nun estímulo á incorporación laboral. É dicir, será unha contía que se seguirá a percibir durante os 6 primeiros meses desde a consecución dun emprego por parte do beneficiario. A contía irá diminuíndo gradualmente durante eses 6 meses ata extinguirse no caso de continuar traballando.

Ademais das novidades da Risga, Mato indicou que a Lei, ademais, permitirá gañar en eficiencia, posto que se reducirá o tempo de tramitación. Ademais, contéplase a tramitación de urxencia para casos especiais, como o das vítimas de violencia de xénero, nos que o prazo máximo será dun mes. Co novo texto, Galicia adiantase ás directrices europeas da Estratexia 2020 de loita contra a pobreza.

Axudas de Inclusión Social

Así mesmo, a conselleira fixo referencia á modificación das Axudas de Emerxencia Social (AES), que pasará a denominarse Axudas de Inclusión Social (AIS). A partir

de agora, ademais de sufragar situacións de grave emerxencia, financiarán tamén actuacións de acompañamento ou reforzarán medidas de apoio dos diferentes tramos da Risga.

O proxecto de lei incorpora tamén unha referencia ás empresas de inserción e establece accións positivas cara a este colectivo desde as políticas activas de emprego que xestiona a Consellería de Traballo e Benestar.

Orzamento

Por último, a responsable de Benestar sinalou que a nova lei nacerá cun orzamento de 99,8 millóns de euros, unha contía distribuída entre as anualidades 2012 a 2014. Con respecto a este ano, Mato afirmou que a Xunta investirá máis de 30 millóns de euros aos colectivos en risco de exclusión social (25,2 millóns para a Risga; 3 millóns para as AES; e 2 millóns para comedores e albergues), un 14 por cento máis que en 2011.

En definitiva, Beatriz Mato concluíu afirmando que o novo texto é “unha estratexia coordinada entre os servizos sociais comunitarios municipais, os técnicos da consellería e o Servizo Público de Emprego de Galicia” co obxectivo de que as axudas se convertan nunha “ferramenta real” de integración a través do emprego.

http://benestar.xunta.es/export/sites/default/Benestar/Biblioteca/Documentos/Guias/guia_de_actuacion-version_marzo.pdf



<http://benestar.xunta.es/web/portal/renda-de-integracion-social-de-galicia-risga>



Política social

Benestar pon en marcha un novo servizo de Gabinete de Orientación Familiar Virtual

- ▶ Este novo servizo, en liña, alóxase na páxina web <http://www.familiasgalegas.org/>, nun novo apartado denominado Gabinetes de Orientación Familiar, dentro do menú principal
- ▶ A iniciativa proporcionará ás familias ou calquera persoa interesada, de maneira gratuíta, información e asesoramento sobre recursos e programas destinados ás familias galegas
- ▶ Este servizo 'en liña' será atendido polo persoal do GOF de Lugo.

Santiago, 16 de xullo de 2012.-

A Consellería de Traballo e Benestar puxo en marcha o novo servizo 'en liña' de información e asesoramento destinado ás familias galegas, o Gabinete de Orientación Familiar (GOF) virtual.

Este novo servizo en liña aloxase na páxina web <http://www.familiasgalegas.org/>, nun novo espazo denominado Gabinetes de Orientación Familiar, dentro do menú

principal. Neste apartado, ademais de explicar que é a orientación e apoio familiar, os niveis de actuación e o seu obxectivo, aparecerán unha serie de ligazóns onde calquera persoa poderá demandar calquera información sobre o eido da familia e a infancia.

Tamén proporcionará ás familias ou calquera persoa interesada, de maneira gratuíta, información e asesoramento sobre diversas

cuestións, como servizos, recursos sociais, programas ou disposicións legais.

Non obstante, cómpre salientar que nunca dará directrices técnicas sobre pautas de comportamento ou habilidades concretas. Nestes casos, sempre terá que pór ao usuario en

contacto co servizo correspondente para abordar con profundidade e de xeito presencial o problema. As respostas proporcionadas a través desta consulta terán carácter informativo e non efectos vinculantes para a Administración.

<http://www.familiasgalegas.org/familias/Controlador/Guia/guiaComunicacionAction.php?idG=7>



O Rexistro de maltrato infantil permite aos profesionais do eido educativo comunicar de xeito inmediato as sospeitas destes casos

- ▶ O RUMI é unha ferramenta informática de notificación e rexistro dos malos tratos aos menores
- ▶ Desde a súa posta en marcha pola Consellería de Traballo e Benestar, máis de 2.000 profesionais dos eidos educativo e policial solicitaron o acceso a este sistema.

Santiago, 19 de agosto.- O Rexistro Unificado de Maltrato Infantil (RUMI), que a Consellería de Traballo e Benestar puxo en marcha en 2010, ten por obxecto aumentar a efectividade e reducir os tempos de intervención dos equipos de menores ante un indicio de maltrato ao acurtar os tempos de comunicación e introducir no rexistro unha primeira avaliación de cada caso. Ademais, pretende mellorar a información existente no eido estatal ao achegar datos da comunidade.

Desde a súa posta en marcha, un total de 2.068 profesionais dos eidos educativo e policial están xa dados de alta no uso no Rexistro Unificado de Maltrato Infantil (RUMI).

A través do RUMI, os profesionais dos eidos educativo e policial poden

sinalar, dentro dun catálogo de síntomas, cales son os que aprecian nun neno ou nena. Estes síntomas aparecen asociados a cada un dos principais tipos de maltrato: o físico, a negligencia, o emocional e o abuso sexual. Este sistema facilita a tarefa de decidir se unha determinada circunstancia observada nun menor pode ser indicativa de maltrato.

No RUMI tamén se achega información sobre o significado de cada termo e o grao de gravidade de cada un dos tipos de maltrato, así como a necesidade de comunicar calquera sospeita de maltrato.

Cando un usuario realiza esta última actuación, que de ningún xeito representa unha diagnose da situación, esa notificación é remitida automaticamente ao Servizo de

Protección de Menores da Consellería de Traballo e Benestar, e a estas mesmas unidades dos departamentos territoriais correspondentes.

Neste último punto, a Administración galega pon en marcha un protocolo de actuación executado polos equipos técnicos do menor para comprobar se existe ou non maltrato a un menor e aplicar as medidas oportunas segundo o caso.

Neste senso, o departamento autonómico lembra aos usuarios do RUMI a importancia de notificar no sistema calquera sospeita dun caso deste tipo.

Na actualidade, son 220 os usuarios de centros de traballo da

policía local e xudicial, aos que se suman os 1.848 procedentes de centros educativos da comunidade galega.

Deste xeito, o Goberno galego pretende garantir que os dereitos do menor se cumpran axeitadamente a través do estudo profesional e confidencial de cada unha das notificacións remitidas. Polo de agora, esta aplicación está a ser implantada nos eidos educativo e policial, malia que nun futuro podería ampliarse aos ámbitos sanitario, social e xudicial.

<http://benestar.xunta.es/web/portal/notificacion-de-risco-e-maltrato>



Xuventude e Voluntariado

Un novo programa permitirá crear unha bolsa de voluntarios formada por reclusos para colaborar con entidades galegas

Santiago, 23 de xullo de 2012.-

A Consellería de Traballo e Benestar, en colaboración coa Asociación para a prevención da exclusión social (APES) e os centros penitenciarios de Galicia, puxeron en marcha un programa para crear unha bolsa de voluntarios formada por persoas que cumpren condena.

A titular do departamento autonómico, Beatriz Mato, presentou en rolda de prensa esta iniciativa, que leva por nome "Voluntariado desde dentro". O seu obxectivo é conseguir unha bolsa de 40 persoas voluntarias e 20 entidades colaboradoras nas que estas persoas poidan colaborar.

Para levar a cabo este programa, APES encárgase de realizar o contacto cos centros penitenciarios e facer unha selección entre os reclusos interesados. Ademais, ocupárase de xestionar o perfil máis adecuado ás necesidades das entidades que desexen acoller a cada voluntario, e manterá reunións periódicas coa bolsa de voluntarios para coñecer as súas necesidades.

Pola súa banda, a Dirección

Xeral de Xuventude e Voluntariado ocúpase de promover o programa, especialmente entre as entidades sen ánimo de lucro; e de formar aos posibles candidatos. Tamén se encargará de xestionar as solicitudes das entidades que decidan contar con algún destes participantes e de inscribir a estes últimos no "Rexistro de accións da persoas voluntarias de Galicia", para que estas poidan ser certificadas e incorporadas ao seu currículo.

Ao longo deste ano, o departamento autonómico levou a cabo 5 cursos de iniciación ao voluntariado para persoas privadas de liberdade. Nesta formación participaron de xeito presencial 71 reclusos nos centros penitenciarios de Teixeira (A Coruña), Monterroso (Lugo) e Pereiro de Aguiar (Ourense), así como nos Centros de inserción social (CIS) de Vigo e A Coruña.

A partir de agora, segundo explicou Mato, afóntase a segunda fase: a promoción do programa entre as entidades galegas; a xestión das solicitudes das que estean



- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, presentou esta iniciativa, que leva por nome "Voluntariado desde dentro"
- ▶ Este programa lévase a cabo en colaboración coa Asociación para a prevención da exclusión social (APES) e cos centros penitenciarios de Galicia
- ▶ O obxectivo é crear unha bolsa de 40 persoas voluntarias e 20 entidades colaboradoras

interesadas e a selección do mellor candidato para cada actividade segundo o seu perfil.

Deste xeito, favorecerase a "reinserción social das persoas que

cumpren condena, ao tempo que se sensibiliza a sociedade ante este colectivo e potenciase o labor das entidades a través da posta á súa disposición de voluntarios"

Máis de 21.000 alumnos e alumnas de 158 centros galegos recibiron información dos equipos "Quérote máis" no pasado curso escolar

- ▶ Os alumnos recibiron información sobre temáticas como imaxe corporal e autoestima, convivencia, seguridade no uso das novas tecnoloxías, sexualidade e afectividade e prevención de consumos
- ▶ Ademais, leváronse a cabo 36 ciclos formativos dirixidos a familias, chegando a un total de 396 pais e nais e formouse a 126 profesores e profesoras

Santiago, 15 de agosto de 2012.-

Os centros Quérote máis, dependentes da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Consellería de Traballo e Benestar, estiveron presentes a nivel formativo no curso escolar 2011-2012 nun total de 158 centros educativos, chegando a un total de 21.503 alumnos e alumnas ás que se lles ofreceu información en relación ás diversas

temáticas como imaxe corporal e autoestima, convivencia, seguridade no uso das novas tecnoloxías, sexualidade e afectividade e prevención de consumos.

As intervencións tiveron unha duración de 100 minutos por sesión e a metodoloxía empregada por parte dos técnicos foi dinámica e participativa, deixando lugar ao diálogo e á reflexión por parte do

alumnado sobre as formulacións propostas.

Contouse coa colaboración de entidades como a Garda Civil, a Policía Nacional, a AECC e diversas concellarías que, mediante as devanditas actividades, contribuíron a unificar os talleres ofertados aos centros de estudo.

Ademais, leváronse a cabo 36 ciclos formativos dirixidos a familias, chegando a un total de 396 pais e nais e formouse a 126 profesores e profesoras, todo iso co obxectivo de abordar os temas que se traballan cos adolescentes extrapolando a información aos axentes educativos máis directos que inflúen na súa formación persoal.

Os centros Quérote máis, repartidos por todo o territorio galego, a través do seu equipo multidisciplinar composto por traballadores sociais, educadores sociais e psicólogos, ademais de levar a cabo accións formativas no contexto educativo formal, diríxense a todos aqueles ámbitos de actuación relacionados coa xuventude, como asociacións xuvenís, concellos ou casas da xuventude. Ademais, os equipos do Quérote máis tamén ofrecen a posibilidade de recibir asesoramento individualizado, anónimo e de carácter confidencial e gratuíto a todos aqueles usuarios que o precisen.

Formación e emprego

Traballo incentiva a contratación de 2.800 traballadores galegos con catro programas dotados con 12,6 millóns de euros

- ▶ A directora xeral de Promoción do Emprego, Amparo González, participou na presentación dunha campaña do Concello de Santiago para apoiar as subvencións da Xunta no eido do emprego
- ▶ Entre as axudas destacan o fomento á contratación allea, os programas Emporfor e Forcon, así como as subvencións dirixidas ás persoas con discapacidade e ás empresas cualificadas como iniciativas locais de emprego.

Santiago, 29 de agosto de 2012.- A Consellería de Traballo e Benestar está a incentivar na actualidade a contratación de 2.800 traballadores e traballadoras galegos e galegas a través de catro programas dotados con máis de 12,6 millóns de euros.

A directora xeral de Promoción do Emprego, Amparo González, participou na presentación dunha campaña do Concello de Santiago para apoiar as axudas da Xunta no eido do emprego, onde resaltou as características principais destas catro iniciativas: dous programas pioneiros de formación e emprego e incentivos para fomentar a contratación allea; subvencións dirixidas á contratación de persoas con discapacidade e ás empresas cualificadas como iniciativas locais de emprego.

Por un lado, apuntou que o Goberno galego está a investir 10,1 millóns de euros a dous programas pioneiros de formación e emprego –o Emporfor e o Forcon–, así como a distintos

incentivos destinados a fomentar a contratación allea. “Todas estas actuacións foron pactadas no seo do diálogo social, con patronal e sindicatos, e teñen como fin poñer en marcha medidas innovadoras en materia de emprego”, subliñou González, ao tempo que destacou que todas estas actuacións van dirixidas principalmente aos colectivos “máis afectados” pola situación económica actual.

Os programas de incentivos á contratación de persoas traballadoras inclúe incentivos á contratación indefinida inicial (programa CONII) e a tempo parcial (CONIIP); á transformación de contratos temporais en indefinidos (programa Estabiliza); e para a contratación temporal de colectivos en risco de exclusión e para a conciliación laboral (programa Inserta). A convocatoria regula tamén o programa novidoso “Emporfor”. Conta cun orzamento de 9,3 millóns de euros e beneficiará a unhas 2.000 persoas.

Os beneficiarios destes

programas deberán ser participantes activos nos programas de fomento de empregabilidade, e as entidades beneficiarias, pola súa banda, deberán colaborar coa Administración nas melloras de inserción laboral.

González destacou que serán colectivos prioritarios nestes programas: mozos e mozas sen cualificación; persoas desempregadas de longa duración; desempregados que esgotasen as prestacións por desemprego; perceptores da RISGA e parados de 45 anos ou máis.

Con respecto ao programa “Emporfor”, que combina emprego con orientación e formación personalizada, a directora xeral indicou que está dirixido só a persoas desempregadas de longa duración, persoas desempregadas que esgotasen as prestacións por desemprego, perceptores da RISGA ou persoas desempregadas maiores de 45 anos.

As contías varían segundo o tipo de contratación, a persoa contratada (se son mulleres, por exemplo) e a entidade que realiza a contratación (se é unha microempresa, se está radicada no rural...). No que se refire ao fomento da contratación indefinida inicial, os incentivos situaranse entre os 5.400 euros e os 8.500 euros.

Pola súa banda, na contratación indefinida inicial a tempo parcial (50 por cento da xornada), os incentivos serán de 2.500 euros. No caso da transformación de contratos temporais en indefinidos a contía a percibir será de 2.000 euros. Este programa Estabiliza está dirixido só ás microempresas galegas.

No caso do programa Inserta divídese en dúas vías: os incentivos á inserción laboral, incentivando a contratación temporal –de entre 6 e 12 meses– dos colectivos en risco de exclusión social; e nas axudas á conciliación laboral, con incentivos para contratos de interinidade para a substitución de persoas traballadoras en excedencia por coidado de familiares. Os primeiros oscilarán entre os 2.500 e os 5.000 euros; mentres que os últimos poderán ser de ata 2.000 euros.

Os beneficiarios compatibilizarán un contrato a tempo parcial do 70% da xornada laboral, cun compromiso de asistir no 30% restante a programas de orientación e formación profesional encamiñados a obter certificados de profesionalidade. Segundo explicou a directora, este programa non se poderá utilizar para substituír traballadores nin cubrir prazas e as entidades solicitantes deberán acreditar que non realizaron despedimentos nos

tres meses anteriores.

Ademais da parte do contrato, os participantes recibirán axudas consistentes no 30 por cento do salario mínimo interprofesional para levar a cabo as accións de formación e orientación. De cara ás entidades, os contratos temporais recibirán un incentivo de 3.500 euros. Se este se transforma en indefinido ao rematar o programa, obterán unha axuda complementaria de 2.500 euros.

Por outra parte, González referiuse ao programa Forcon, no que se investirán 750.000 euros e que chegará a unhas 300 persoas. Está dirixido a mozos e mozas con baixa cualificación laboral. Para mellorar a súa empregabilidade ofrécelles, dunha banda, formación en especialidades e ocupacións incluídas nos sectores estratéxicos de Galicia; e, por outra, experiencia laboral en empresas deses sectores.

Este programa piloto consiste, polo tanto, nunha parte de formación certificable –que xa empezou– que, unha vez rematada, continúa nunha fase de experiencia laboral nas ocupacións obxecto dos certificados, nas empresas do sector previamente seleccionadas pola Administración e que participan no proxecto.

Os sectores son os relacionados coa economía verde (enerxías renovables, preservación medioambiental...); economía da saúde (servizos á terceira idade, dependencia...); e economía do coñecemento (TIC, biotecnoloxía, tecnoloxías mecánicas...). Son sectores, apuntou González, nos que se prevén maiores posibilidades de empregabilidade e estabilidade.

As axudas da Xunta dotadas con 1,4 millóns para a contratación de persoas con discapacidade beneficiarán a 400 desempregados

Santiago, 27 de agosto.- A Consellería de Traballo e Benestar publicou no Diario Oficial de Galicia (DOG) dúas liñas de axudas destinadas á contratación de persoas con discapacidade coas que se prevé beneficiar ao redor de 410 traballadores e traballadoras desempregados. En total, o departamento autonómico investirá preto de 1,4 millóns de euros nestas iniciativas que se enmarcan na aposta do Goberno galego por acadar un mercado laboral accesible, inclusivo e de calidade.

Por iso, establécense accións específicas para a inserción laboral das persoas con discapacidade, que teñen por obxecto a mellora da súa empregabilidade e, coordinadamente, o establecemento de medidas para a súa inserción e permanencia no mercado de traballo.

Por unha banda, o DOG publica a convocatoria de axudas do programa de fomento da contratación das persoas con discapacidade na empresa ordinaria que establece incentivos para a creación de emprego. Para este fin dedícanse máis de 1,2 millóns de euros e prevese beneficiar a 330 traballadores.

Esta liña de subvencións incrementa os importes das axudas pola contratación indefinida previstas na normativa estatal coa finalidade de favorecer especialmente o emprego das mulleres con discapacidade, das persoas con discapacidade con maiores dificultades de inserción laboral e o emprego deste colectivo nas pequenas empresas e naquelas con centros de traballo no rural galego.

O programa, ademais, mantén as melloras introducidas pola Consellería de Traballo e Benestar no ano 2010 cando estableceu dúas novas subvencións para favorecer a integración laboral das persoas con discapacidade en Galicia: a

axuda para a contratación temporal, sempre que a duración do contrato sexa de polo menos 12 meses, e, en segundo lugar, a liña de subvencións para a contratación no marco do programa de emprego con apoio, sempre que sexan proxectos subvencionados polo propio departamento autonómico.

O prazo xeral para a presentación de solicitudes remata o 30 de setembro. As axudas que se soliciten para contratacións realizadas entre o 1 de outubro de 2011 e hoxe mesmo deberán presentarse ata o 27 de setembro.

Emprego con apoio

A segunda liña de axudas que sae hoxe publicada no DOG é o programa de emprego con apoio, como medida de fomento de emprego de persoas con discapacidade no mercado ordinario de traballo. O prazo para a presentación de solicitudes rematará o 27 de setembro de 2012.

Esta iniciativa consiste nun conxunto de actividades de orientación e acompañamento individualizado que prestan, no seu propio posto de traballo, preparadores laborais especializados, dos que se poden beneficiar os traballadores con discapacidade con especiais dificultades de inserción laboral que realizan a súa actividade en empresas normalizadas, en condicións similares ao resto de traballadores que desempeñan postos similares.

As persoas destinatarias finais do programa de emprego con apoio serán os traballadores e traballadoras con discapacidade inscritas nos Servizos Públicos de Emprego como demandantes de emprego non ocupadas, así como traballadores e traballadoras con discapacidade contratados por centros especiais de emprego, sempre que, en ambos os dous casos, se atopen en

algún dos seguintes supostos: persoas con parálise cerebral, persoas con enfermidade mental ou persoas con discapacidade intelectual cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33%; persoas con discapacidade física ou sensorial cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 65%; persoas xordas e con discapacidade auditiva, cun grao recoñecido igual ou superior ao 33 por cento.

Estes traballadores deberán ser contratados por unha empresa do mercado ordinario de traballo para ser empregados efectivamente na organización produtiva da empresa mediante un contrato indefinido ou de duración determinada, sempre que a duración do contrato sexa, neste caso, como mínimo de seis meses.

Poderán promover proxectos de emprego con apoio as asociacións, fundacións e outras entidades sen ánimo de lucro, que teñan por obxecto a inserción laboral de persoas con discapacidade, e os centros especiais de emprego, que subscriban o correspondente convenio de colaboración coas empresas que contraten aos traballadores con discapacidade, a fin de desenvolver as accións de emprego con apoio e as propias empresas do mercado ordinario, cando desenvolvan por si mesmas as accións de emprego con apoio con respecto dos traballadores con discapacidade que contraten.

Os proxectos de emprego con apoio terán unha duración mínima de seis meses e máxima de dous anos prorrogable en seis meses máis.

As subvencións destinaranse a financiar os custos laborais e de Seguridade Social que se xeren durante o período de desenvolvemento do proxecto de emprego con apoio, derivados da contratación dos preparadores laborais.

<http://traballo.xunta.es/axudas-e-subvencions>



Formación e emprego

Os concellos xa poden solicitar as axudas para os obradoiros de emprego, que beneficiarán a máis de 1.300 desempregados

- ▶ A orde de axudas, que vén de ser publicada no Diario Oficial de Galicia (DOG), conta cun investimento de 10,5 millóns de euros
- ▶ Os obradoiros de emprego son programa mixtos que combinan formación e un traballo efectivo
- ▶ Os beneficiarios disporán dun contrato de traballo e un salario durante a súa participación nesta actividade

Santiago, 4 de agosto de 2012.- As entidades promotoras de obradoiros –concellos, os seus organismos locais que teñan competencias na promoción do emprego ou consorcios- poden solicitar desde esta semana as axudas para poñer en marcha obradoiros de emprego. Esta orde, que vén de ser publicada no Diario Oficial de Galicia (DOG), conta cun investimento de 10,5 millóns de euros para os anos 2012 e 2013 e prevé beneficiar a máis de 1.300 desempregados e desempregadas.

Estas iniciativas son programas mixtos, que combinan a formación cun traballo efectivo. De feito, os beneficiarios disporán dun contrato de traballo e un salario durante a súa participación nesta actividade. O seu obxectivo

é mellorar a empregabilidade dos participantes.

Os beneficiarios destes programas serán desempregados, con preferencia para aqueles colectivos con especiais dificultades de inserción: mozos e mozas menores de trinta anos; mulleres en xeral e vítimas de violencia de xénero; persoal traballador que esgotou as prestacións e subsidios por desemprego; parados de longa duración; maiores de 45 anos e menores de 55 anos; persoas que carecen de títulos universitarios ou de FP de grao superior; persoas con discapacidade; ou persoas pertencentes a colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente as persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.

Durante a súa participación, os alumnos realizarán obras ou a prestación de servizos de interese xeral e social, ao tempo que se cualifican profesionalmente. Deste xeito, os obradoiros contan cunha tripla dimensión: melloran a empregabilidade dos participantes; permítese a realización de actuacións de mellora das dotacións públicas; e promove a colaboración institucional entre a Administración autonómica e a local.

A distribución de créditos a nivel provincial terá en conta o número de persoas paradas; e a evolución do paro rexistrado no período 2007/2011, así como a progresión da poboación neste período. Tamén se computará á hora da selección de proxectos o

equilibrio e solidariedade cos territorios máis desfavorecidos, tendo en conta os criterios recollidos nos plans Impulsa de Lugo e Ourense.

Así mesmo, co obxectivo de actuar naqueles concellos cun maior número de desempregados, priorizaranse as actuacións naqueles municipios ou solicitudes conxuntas que superen os 500 desempregados.

Ademais, este ano, e por primeira vez, promoverase unha maior implicación e compromiso dos concellos na consecución da posterior inserción laboral das persoas desempregadas. Así, deberán asumir o compromiso de procurar a inserción laboral posterior de polo menos o 10 por cento das persoas desempregadas participantes.

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia/...>



Un total de 1.000 persoas poderán optar ao recoñecemento das súas competencias profesionais no segundo semestre de 2012

- ▶ A Consellería de Traballo e Benestar publicou, na súa páxina web, as listaxes de persoas admitidas para a segunda fase de recoñecemento e acreditación das competencias profesionais
- ▶ Trátase da acreditación das competencias adquiridas a través da experiencia laboral ou aprendizaxes non formais de formación en atención sociosanitaria a persoas no domicilio e a persoas dependentes en institucións sociais.

Santiago, 21 de agosto de 2012.- A Consellería de Traballo e Benestar, a través da Dirección Xeral de Formación e Colocación, publicou, na súa páxina web, as listaxes de persoas admitidas para a segunda fase de recoñecemento e acreditación das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral ou aprendizaxes non formais de formación en

atención sociosanitaria a persoas no domicilio e a persoas dependentes en institucións sociais.

Este ano convocáronse un total de 2.000 prazas nas unidades de competencia das cualificacións profesionais sinaladas. No primeiro semestre deste ano xa foron asesoradas e avaliadas un total de 1.000 persoas (500 en cada unha das cualificacións) e, a partir do mes de

setembro, levarase a cabo o procedemento de acreditación do resto de persoas candidatas.

O día 20 de agosto, publicáronse na páxina da Consellería de Traballo e Benestar, <http://traballoebenefitar.xunta.es>, as listaxes definitivas de persoas admitidas nesta segunda

fase, na que se indican as sedes, lugar e hora en que cada candidato iniciará a súa fase de asesoramento.

O candidato admitido para participar na fase de asesoramento deberá aboar unha taxa única de 20 euros.



competencias clave

<http://traballo.xunta.es/portada-competencias-clave>

Informe do paro rexistrado

Galicia pechou agosto cun descenso do paro de 2.931 persoas sendo a comunidade autónoma onde máis baixou o desemprego

Santiago, 4 de setembro de 2012.- Galicia pechou agosto como a Comunidade autónoma de todo o Estado onde máis baixou o paro rexistrado, tanto en termos absolutos como en relativos. Así, rexistrou o pasado mes 257.267 persoas desempregadas, o que supón en termos absolutos un descenso do paro rexistrado de 2.931 persoas, é dicir, un 1,13 por cento menos con respecto ao mes anterior.

A directora xeral de Formación e Colocación, Ana María Díaz López, considerou positivo este dato, destacando, ademais, que é o cuarto mes consecutivo no que baixa o paro rexistrado en Galicia, aínda que apelou á “prudencia” ao considerar que “non se pode falar dun cambio de tendencia ata ver a evolución do que resta de ano”.

Salientou, así mesmo, que o descenso do paro este mes rompe a tendencia de suba dos últimos seis anos na evolución dos meses de agosto e indicou que é a maior baixada rexistrada en Galicia un mes de agosto desde o ano 1998.



No Estado o desemprego aumentou en agosto nun 0,83 por cento, situándose o número de persoas en paro no conxunto de España en 4.624.634 persoas, fronte á baixada do 1,13 por cento producida en Galicia.

Por provincias, o desemprego baixou en todas elas, principalmente en Pontevedra (-973). A continuación, sitúase A Coruña (-710); Ourense (-657) e Lugo (-591).

No que se refire aos sectores por actividade, o desemprego descendeu no colectivo sen

emprego anterior con 1.104 parados menos, seguido da industria (-857); construción (-711); e sector servizos (-309).

Por último, Galicia rexistrou no mes de agosto un total de 3.277 afiliados máis que no mes anterior, o que representa un 0,34 por cento máis que en xullo. Polo tanto, a Comunidade autónoma é a rexión onde máis se incrementou o número de afiliacións en termos absolutos.



